

MISA CON NENOS

11 de xuño de 2017 - STMA. TRINDADE - A

XOÁN 3, 16-18: *"Tanto nos amou Deus que nos enviou o seu Fillo."*

Mensaxe: DEUS TRINDADE, o mellor quita-tensións.

Coñéceo, quéreo, rézalle.



**Deus Trindade, o mellor
quita-tensións.
Coñéceo, quéreo, rézalle**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: celebramos hoxe a festa da Santísima Trindade. E precisamente -invocando o Pai, o Fillo e o Espírito- como comezamos sempre as nosas celebracións.

Todos os domingos, a nosa celebración da Eucaristía é dalgún modo, un recordo da Santísima Trindade, porque todos os domingos: celebramos o amor e a misericordia de Deus, o noso Pai; recordamos a vida nova que se nos deu por medio de Xesucristo, o noso irmán; e sentímonos fortalecidos pola graza do Espírito, que foi derramado nos nosos corazóns.

Que esta festa, ao comezar o tempo ordinario, nos axude a vivir o estilo de Deus: o amor, a entrega ao outro, o diálogo e o compartir.

(Colocamos en lugar visible: “DEUS TRINDADE o mellor quitatensiós. Coñéceo, quéreo, rézalle”).

SAÚDO:

No nome do Pai ... **A graza do noso Señor Xesucristo, o amor do Pai e a comunión do Espírito Santo sexan con todos vós.**

2. PERDÓN

Nun momento de silencio, poñémonos na presenza de Deus e pedímoslle a súa misericordia e o seu perdón.

-Ti, que es amor e paz. **Señor, ten piedade.**

-Ti, que es vida e esperanza. **Cristo, ten piedade.**

-Ti, que es graza e tenrura. **Señor, ten piedade.**

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas maniféstanos como os crentes van descubrindo a Deus ao longo da historia. No libro do Éxodo, hai 2600 anos, Moisés sente a Deus como alguén próximo e persoa, que perdoa, que é compasivo e misericordioso. San Xoán anúncianos que tanto amou Deus o mundo que foi capaz de darnos o seu Fillo para que dando a súa vida nos salvase. E san Paulo fálanos do Deus compañeiro e próximo: A graza do Señor Xesucristo, o amor de Deus e a comunión do Espírito Santo estean sempre con todos vós. escoitemos con atención.

LECTURAS

ÉXODO 34, 4b-6. 8-9: *Señor, Deus compasivo e misericordioso.*

Naqueles días, Moisés madrugou e subiu á montaña do Sinaí, como lle mandou o Señor, levando na man as dúas táboas de pedra. O Señor baixou na nube e quedou con el alí, e Moisés pronunciou o nome do Señor. O Señor pasou ante el proclamando: «*Señor, Señor, Deus compasivo e misericordioso, lento á ira e rico en clemencia e lealdade*». Moisés ao momento inclinouse e prostrouse en terra. E díxolle: «*Se obtiven o teu favor, que o meu Señor vaia connosco, aínda que é un pobo de dura cerviz; perdoa as nosas culpas e pecados e tómanos como herdade túa*».

Palabra do Señor.

SALMO Dn. 3, 52-56:

R/. A ti gloria e loanza polos séculos.

2ª CORINTIOS 13, 11-13:

A graza de Xesucristo, o amor de Deus e a comunión do Espírito Santo vos acompañen a todos.

XOÁN 3,16-18: *Deus enviou o seu Fillo para que o mundo se salve por el.*

Narrador: Naquel tempo díxolles Xesús:

Xesús: -«**Tanto amou Deus o mundo**, que entregou o seu Unixénito, para que todo o que cre nel non pereza, senón que teña vida eterna. Porque Deus non enviou o seu Fillo ao mundo para xulgar o mundo, senón para que o mundo se salve por el. O que cre nel non será xulgado; o que non cre xa está xulgado, porque non creu no nome do Unixénito de Deus».

Palabra do Señor

(Narrador - Xesús).

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): Porque somos fillos, Deus enviou aos nosos corazóns o Espírito de Xesús, por iso atrevémonos a chamarlle Pai e a presentarlle confiados as nosas peticións.

Dicímoslle: -Pedímoscho, Señor!

1. Ensínanos a chamarche Pai.
2. Anímanos a vivir como fillos e irmáns.
3. Énchenos da forza do Espírito.
4. Dános fe para crer en ti.
5. Infúndenos amor para quererte.
6. Ilumínanos coa túa Palabra.
7. Aliméntanos co teu Pan do ceo.
8. Fainos testemuñas do teu amor.

(Sacerdote): escoita Pai a nosa oración, sálvanos Xesús e regálanos o teu Espírito. Por XCNS.

5. PRESENTACIÓN DE DONS *(eliximos)*

-CUNCHA BAUTISMAL:

Señor, eu tráioche este signo bautismal co fin de presentarche a nosa consagración a Ti, Trindade. Desde o Bautismo, as nosas vidas quedaron unidas a Ti, como fillos teus, irmáns de Xesucristo e templos do Espírito. Fai que vivamos esta consagración. Dános fortaleza para facelo.

- MAPAMUNDI:

Mira, Señor, eu tráioche este mapamundi, e todos sabemos que é o reflexo dun mundo dividido, no que a riqueza e a pobreza marcan fronteiras duns países que viven na abundancia e outros moitos, a maioría, que viven na extrema pobreza. Con este mapa quéroche ofrecer os nosos desexos e o noso empeño de loitar por superar esas diferenzas e esas fronteiras construíndo un mundo de irmáns.

- PAN E VIÑO:


O pan e o viño converteranse no corpo e o sangue de Xesús. Cada vez que participamos na Eucaristía transmítesenos a vida divina e alimentámonos para vivir o estilo de vida de Deus: o amor, a entrega, a doazón, a comunión.

A SANTÍSIMA TRINDADE

Estaba santo Agostiño camiñando pola praia tratando de comprender o misterio da Trindade. Atopouse cun neno que intentaba levar todiña a auga do mar a un oco na area.

**Un só Deus e tres persoas
é o misterio da Trindade no que creo e confeso.**

O santo sorriuse e díxolle que era imposible que el puidese levar todiña a auga do mar. E o neno respondeulle que tampouco era posible que el tratase de comprender o misterio da Trindade.



**Un só Deus e tres persoas
é o misterio da Trindade no que creo e confeso.**

E así grande como o mar é o amor de Deus,
que nun só non cabía, tívose que dividir.
En Deus Pai que creou, en Deus Fillo que me salvou,
e en Deus Espírito Santo que vive no meu corazón.

**Un só Deus e tres persoas
é o misterio da Trindade no que creo e confeso.**

A Stma. Trindade, para nenos, canción de Silvia Granda.

Posible acción de grazas

Deus, Ti es amor

Ti, DEUS, es amor: Amor que se fixo home en Belén. Amor que se fixo Palabra desde antigo. Amor que compartiu a nosa vida.

Ti, DEUS, es amor: Amor que subiu á cruz. Amor que deu a súa vida na cruz. Amor que fixo todo por salvarnos.

Ti, DEUS, es amor: Amor que é unha familia de tres. Amor que é PAI. Amor que é FILLO. Amor que é ESPIRITO.

Ti, DEUS, es amor: Amor que ilumina e alegra. Amor que sempre acompaña. Amor que crea familia, comunidade.

Ti, DEUS, es amor: Amor de tres persoas distintas. Amor de tres persoas que se aman. Amor de tres persoas que nos aman. Amor de tres persoas que viven para que vivamos.



RED CATEQUISTAS GALICIA